

BASES DE PARTICIPACIÓN – CONCURSO DE CURTAS E DOCUMENTAIS SOCIAIS **FESTIVAL DIVERSIDARTE 2019**

O Festival Diversidarte forma parte da Plataforma Diversidarte e enmarcase dentro da celebración do Festival Diversidarte que se celebrará durante o mes de setembro na cidade da Coruña.

Requisitos

- ✓ Poderán participar neste certame: colectivos, ONG, produtoras e realizadores individuais de calquera nacionalidade, cultura ou relixión.
- ✓ Admitiranse ate un máximo de **dúas curtametraxes por participante**.
- ✓ As obras presentadas non poderán superar os **30 minutos** de duración.
- ✓ Os traballos poderán presentarse en calquera lingua aínda que terán que vir obrigatoriamente **subtitulados o castelán ou galego**.
- ✓ O festival divídese en catro bloques temáticos:
 - **Perspectiva de xénero**
 - **Diversidade sexual (LGBTIQ+)**
 - **Diversidade funcional**
 - **Exclusión social**
- ✓ As curtametraxes presentadas deberán tratar algunha das temáticas na que se divide o festival.
- ✓ Os participantes deberán ser os **titulares** das curtametraxes presentadas ostentando todos os dereitos de exhibición e promoción das obras e material que presenten.

Envío das obras

- ✓ As curtametraxes poderán enviarse de dúas formas diferentes:
 1. Ao **e-mail** da temática na que se encadre a obra presentada:
 - Obras nas que o contido principal sexa a perspectiva de xénero:
diversidarte-xenero@poten100mos.org
 - Obras nas que o contido principal sexa a diversidade sexual (LGTBIQ+):
diversidarte-lgbtqi@poten100mos.org
 - Obras nas que o contido principal sexa a diversidade funcional (física, psíquica, intelectual ou sensorial):
diversidarte-funcional@poten100mos.org
 - Obras nas que o contido principal sexa a exclusión social (migración, minorías étnicas, refuxiados, probeza e outras)
diversidarte-exclusionsocial@poten100mos.org

Por **correo certificado** ao enderezo:

“Asociación Potem100mos” Costa da Unión, 9, 1º i, 15005, A Coruña.

- ✓ As obras que se presenten por correo certificado deberán estar en **formato DVD** facendo constar na carauta: título, nome do autor, a súa dirección de e-mail, e un teléfono de contacto. O DVD e a súa carauta deberán ir nun sobre debidamente pechado no que haberá que engadir:
 - **Un folio** co título da curtametraxe, os datos do autor,(nome, fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte, teléfono, enderezo, e-mail, pequeno currículo e lugar de residencia).
 - **Noutro folio** deberá constar o título, a sinopse, o reparto e o equipo que realizou a curtametraxe, así como a temática na que se encadra a obra.

- ✓ As obras que se presenten en formato dixital:
 - Deberán enviarse a través de **Wetransfer** ou mediante enlace de **Vimeo** (con contrasinal e opción de descarga activada).
 - Os arquivos de vídeo deberán ter un tamaño **máximo de 2 gb**
 - Os arquivos deberán ter extensión **MOV, AVI, MP4 ou MPEG (codec H264)**
 - Deberá axuntarse no e-mail un **archivo PDF** con: título da curtametraxe, os datos do autor,(nome, fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte, teléfono, enderezo, e-mail, pequeno currículo e lugar de residencia).
 - **Noutro PDF** deberá constar o título, a sinopse, o reparto e o equipo que realizou a curtametraxe, así como unha descrición da realidade que quere plasmar .

- ✓ A organización resérvase o dereito de rexeitar unha obra por mala calidade da imaxe ou do son.

Data límite

- ✓ A data límite para a recepción dos traballos será ó **31 de xullo de 2019**.
- ✓ No caso dos envíos por correo certificado a data que se terá en conta será a do selo de correos.

Premiados

- ✓ Repartiranse **catro premios de 250€**, un por cada bloque temático.
- ✓ Os premios serán outorgados por un xurado composto por profesionais do vídeo, a televisión, a música, as artes e a comunicación audiovisual seleccionado para cada temática.
- ✓ **A decisión do xurado será inapelable.**



- ✓ Os autores dos traballos premiados, ou algún representante dos mesmos, deberán estar presentes na entrega de premios. De non ser así, deberán delegar nunha persoa autorizada debidamente para recollelo.
- ✓ A entrega de premios e proxección das catro curtametraxes premiadas (realidade e ficción) realizarase na **Gala de clausura do Festival Diversidarte**.
- ✓ As obras gañadoras deberán ser **subtituladas o galego** para poder ser proxectadas na gala de clausura.
- ✓ A comunicación aos participantes das obras seleccionadas farase mediante teléfono ou correo electrónico. Paralelamente, publicarase dita selección na páxina oficial do Concurso.

Outras disposicións

- ✓ A organización resérvase o dereito de **publicar e reproducir fragmentos** das obras que participen no certame para a promoción do Festival e da Asociación Poten100mos.
- ✓ Ditas comunicacións públicas serán sempre con **fins promocionais e sen ánimo de lucro**.
- ✓ **A participación neste Certame implica a aceptación das presentes bases.**
- ✓ O xurado será o que deberá resolver aquelas situacións que se presenten e que non estean contempladas nestas bases, así como as dúbidas que poidan existir na súa interpretación.
- ✓ Os orixinais non seleccionados poderán ser retirados, **no prazo de 30 días** a contar dende a finalización do festival, na sede da Asociación Poten100mos (Costa da Unión, 9, 1º i, 15005, A Coruña).
- ✓ No caso de que o autor o autora non resida na Coruña poderá solicitar que lle sexan enviados por correo postal. **O festival non se fará cargo dos custes destes envíos.**
- ✓ As obras que non sexan retiradas no prazo de 30 días, a contar dende a finalización do festival, **serán destruídas**.
- ✓ **Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.**